

A continuación aparecen tres textos con historias enmarcadas na época que vimos estudiando en Ciencias Sociais: Os visigodos e Al- Andalus.

Despois de ler cada un deles, deberás responder as actividades que aparecen a continuación de cada un na libreta (sí, hai que copiar as preguntas).

### TEXTO I

## San Xoán de Baños

**N**unha fría mañá de decembro do ano 660, o rei visigodo Recesvinto e un escollido grupo dos seus cortesáns detivérонse nun descampado, despois dunha longa cabalgada por terras próximas a Palencia. O rei descendeu lentamente do seu cabalo e, ante a respectuosa mirada dos seus, axeonllouse en terra a carón dunha fonte que brotaba das rochas. Bebeu coas mans daquela auga clara e temperada, e dirixiu os seus ollos cara ao ceo gris invernal. Á auga daquela fonte, famosa en toda a comarca, atribuíselle ter sandado o rei dunha dolorosa enfermidade había uns anos.

Pero o obxecto daquela viaxe non era volver beber da fonte medicinal. O rei quería comprobar cos seus propios ollos que se lle estaban dando os últimos toques á igrexa de San Xoán que mandara construír naquel lugar para agradecer a súa curación.

En efecto, non lonxe da fonte, elevábase resplandecente un pequeno templo, todo el construído en pedra de cor clara que contrastaba coas terras pardas e rubias do contorno. Recesvinto elixira coidadosamente os mestres construtores e déralles instrucións sobre o edificio que quería.

O rei achegouse ao arco de ferradura que daba entrada á igrexa, penetrou el só pola estreita porta que comunicaba coa igrexa e detívose no limiar. Desde alí experimentou diferentes sensacións, segundo cara a onde dirixise a súa mirada.

A nave central, aínda que era máis pequena ca as das basílicas romanas, completábase tras dúas filas de columnas coas naves laterais. Estaba tan habilmente proporcionada que parecía moito más ampla do que o que os macizos muros do exterior facían adiviñar. As columnas de aspecto romano, cos seus capiteis corintios e enlazadas por arcos de ferradura, obrigaban a elevar a mirada cara a un brillante e ágil teito de madeira de carballo. Ao fondo, a capela central e as laterais cerrábanse con apertadas bóvedas de pedra.

Entusiasmado polo ambiente espiritual que desprendía o edificio, foise achegando pouco a pouco cara ao altar maior. De alí proviñan os golpes de cicel que co seu ritmo continuo engadían aínda más misterio ao templo. Dous albaneis estaban colocando á entrada da capela maior a obra mestra da igrexa: unha preciosa cancela de mármore branco.

Uns días máis tarde, o 3 de xaneiro do ano 661, volvía Recesvinto, agora rodeado por nobres e bispos, para asistir á solemne consagración da igrexa de San Xoán de Baños.

## Actividades

---


- Quen era Recesvinto? Por que mandou construír a igrexa de San Xoán de Baños?
- A partir da lectura, enumera tres características que consideres que son propias das igrexas visigodas.
- Observa a fotografía e escribe os seguintes elementos no seu lugar correspondente.

nave central

bóveda

capitel

arco de ferradura



- Imaxina que es un guía turístico. Que lles explicarías ás persoas que visitasen este templo?

## TEXTO II

### As vitorias de Almanzor

Cando os emisarios chegaron ao castelo leonés, a princesa negouse a recibilos. Levaba máis dunha semana encerrada nos seus apousentos, exactamente desde o día en que seu pai a chamou para comunicarlle, tras moitos rodeos, que ofrecera a Almanzor a súa man, a da súa única filla. El era un castelán vello que xa non podía loitar e que tampouco tiña o diñeiro necesario para manter un exército de cabaleiros que defendese o seu castelo das tropas musulmás.

—Atravesamos uns tempos moi difíciles, e algúns cristiáns non dubidan en facer alianzas cos herexes para obter o dominio das terras que ambicionan —laiábase o nobre leonés.

O pai sabía que as disputas entre o conde castelán e os reis de Navarra, de León e de Galicia facilitaban as vitorias que Almanzor obtiña cada ano coas súas campañas militares ao norte dos ríos Douro e Ebro.

Tampouco podía esquecer as continuas expedicións que dirixira Almanzor para humillar e destruír os reinos cristiáns que intentaron opoñerse ao seu immenso poder. Aínda non transcorreran dez anos desde que o caudillo árabe asolou por primeira vez o reino de León. Sobre os seus territorios volveu unha e outra vez. Arrasou os campos, saqueou os mosteiros, incendiou as cidades, pasou polo coitelo os seus defensores e enviou a Córdoba miles de prisioneiros. A maior parte dos condes da Meseta tiveron que recoñecer o seu poder.

Tamén lembra o nobre leonés o non menos afrontoso asedio á cidade de Barcelona. Alí deixou Almanzor un triste regueiro de morte e apoderouse dun riquísimo botín.

A princesa, que xa oíra falar do vitorioso Almanzor, acosaba a seu pai con preguntas: Como era posible que ela, que era cristiá, pudera casar cun musulmán? Tan grande era o terror que ese home inspiraba que seu pai se dobrégaba ante el? Que faría ela en Córdoba, a mercé do home alcumado o Vitorioso polas súas tropas e a quen os cristiáns chamaban o Azoute de Deus?



Almanzor.

Seu pai intentou tranquilizala. Ela non tería que renunciar á súa fe cristiá. Ambas as relixións, o cristianismo e o islam, recoñecían a conveniencia de que as alianzas políticas se ratificasen con matrimonios e permitían este tipo de enlaces.

Cando os emisarios de Almanzor entraron no castelo, a princesa seguía chorando e a duras penas puido escoitar as palabras dos mensaxeiros:

—Almanzor envíanos a buscarte para que desde agora o acompañes nas súas vitorias e descanses con el no seu palacio de Madinat al-Zahira.

Almanzor, non satisfeito aínda das súas campañas triunfais contra os cristiáns, necesitaba un último golpe de prestixio que consolidase definitivamente o seu poder. Daquela pensou na cidade de Santiago de Compostela, o gran centro relixioso para os cristiáns.

No ano 997 partiu cara a Galicia á fronte dun grande exército. Ordenou respectar a tumba do apóstolo, pero non así as igrexas, as casas e as murallas. A cidade quedou destruída.

Almanzor coñeceu unha vez máis un resoante triunfo e volveu a Córdoba seguido por un gran número de prisioneiros.

A princesa leonesa, abatida polas noticias que chegaron ata o palacio, xurou que, en canto Almanzor morrese e ela se vise libre da atadura que lle impuxeran coa súa voda, ingresaría nun convento das terras do norte.

A princesa cumpliu o seu xuramento no ano 1002, data en que as crónicas cristiás narraron así a morte de Almanzor: «Morreu Almanzor e foi sepultado nos infernos».

## Actividades

---

- Quen foi Almanzor? Por que os musulmáns lle chamaban o *Vitorioso* e os cristiáns, o *Azoute de Deus*?
- En que etapa de al-Ándalus incluirías o governo de Almanzor: no califato ou nos reinos de taifas? Por que?
- Por que o nobre leonés decidiu entregar a man da súa filla a Almanzor? Que che parece esta actitude?
- Que significado teñen no texto estas palabras: *herexe*, *caudillo* e *asedio*?
- Cres que Almanzor foi un bo gobernante para al-Ándalus? Por que?
- Por que Santiago de Compostela era a cidade santa para os cristiáns na Idade Media? Busca información e determina cal era a cidade santa para os musulmáns.

### TEXTO III

## A conquista de Toledo



Vista de Toledo.

**C**orría o verán de 1081. O rei leonés Afonso VI lembra a súa apracible estancia en Toledo anos atrás, cando fora hóspede do rei toledano Al-Mamún. Ocorreu tras ser vencido polo seu irmán Sancho e saír desterrado de Castela. Daqueles días, a pesar da amargura do desterro, gardaba, non obstante, un bo recordo.

En poucos anos as cousas cambiaran moito. Afonso recuperara o trono tras a morte de Sancho. O seu amigo, o rei de Toledo, fora asasinado e as loitas entre o herdeiro e os seus inimigos por facerse co dominio de Toledo eran interminables. O rei Afonso decidiu aproveitar estas divisións internas para conquistar a cidade.

Someteu a cidade a unha dura ofensiva e devastou a comarca durante seis anos consecutivos. Nese longo tempo tratou de esgotar os recursos da cidade. A mesma natureza púxose da súa parte, xa que foron tempos de malas colleitas e, para maior desgraza, o trigo gardado nos silos chegou a corromperse e quedou inservible para facer pan.

Unha escura noite do outono de 1084, Afonso VI decidiu dar o golpe definitivo á cidade de Toledo. Irrompeu nos xardíns por onde paseara anos atrás e instalou alí o seu campamento, ás portas mesmas de Toledo.

Os toledanos, que empezaron a sentir a falla dos alimentos más indispensables, intentaron enviar mensaxes de auxilio a reis doutras taifas. Pero moitas taifas pagaban tributo a Afonso VI e encontrábanse precisamente xunto ao rei leonés. Os toledanos decatáronse de que estaban sós. Días despois, Toledo entregouse.

Afonso VI fixo a súa entrada triunfal en Toledo o 25 de maio de 1085. Titulábase con orgullo o *Rei do imperio toledano e magnífico triunfador*. Todos os territorios cristiáns recibiron gozosos a noticia de que Toledo volvía ser cristiá. Esta conquista permitiu ao rei Afonso repoboar as cidades situadas entre os ríos Douro e Texo, que anteriormente conquistara.

### Actividades

---

- Cando terminou a conquista de Toledo? En que século tivo lugar?
- Quen a levou a cabo? Como o fixo?
- Por que era importante para os reinos cristiáns conquistar Toledo?
- Quen era Al-Mamún?
- Que quere dicir que Afonso VI foi desterrado de Castela?
- Busca información nunha enciclopedia ou na internet sobre o rei Afonso VI e completa unha ficha como a seguinte.

#### Afonso VI

Naceu: .....

Morreu: .....

Principais acontecementos da súa vida:  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....